



**D. Emilio Seijo Frías, Secretario do Concello de Sada (A Coruña).-**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de novembro de 2016, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**<<4.1.- Contratación menor da obra de Pavimentación de camiños con aglomerado asfáltico en quente no camiño do Galo, no Seixo-Carnoedo.-**

Dada conta do expediente tramitado para a contratación menor da obra de “Pavimentación de camiños con aglomerado asfáltico en quente no Camiño do Galo, no Seixo-Carnoedo”, e resultando que con data 13-10-16 publicouse anuncio na web do Concello dando publicidade á licitación de varios contratos menores para a presentación de ofertas por calquera licitador interesado, nova que se publicou tamén na prensa diaria.-

Vistos os presupostos presentados por Excavaciones Cernadas Valiña e Canarga S.L., tendo o contrato a consideración de contrato menor pola súa contía, conforme ao disposto no artigo 138.3 en relación co artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e atendido que existe consignación, acórdase por unanimidade:

1º.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Pavimentación de camiños con aglomerado asfáltico no camiño do Galo, no Seixo-Carnoedo, e Outros, en Sada”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal D. Valentín Medina Prieto para o mantemento de dita vía municipal.-

2º.- Adxudicar o contrato menor da obra de “Pavimentación de camiños con aglomerado asfáltico no Camiño do Galo, no Seixo-Carnoedo, e Outros, a empresa CANARGA S.L., co CIF B15360902, no prezo total de vinte e cinco mil douscentos vinte e catro euros (Prezo sen IVE: 20.846,28, IVE: 4.377,72; Total: 25.224,00.- euros), segundo a súa oferta e conforme ao proxecto técnico aprobado.-

3º.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.21000.-

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visado do sr. Alcalde, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, en Sada, a sete de novembro de 2016.-